

# PRE-BRIEFING

## 2º PROBA DA LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN



## RAID COVELO TRALAS PEGADAS DO LOBO

26 de Marzo de 2022  
Concello de Covelo

Inscripcións abertas ata o martes 22/03/22:  
[www.fegado.es](http://www.fegado.es)

Contacto: [info@xestanatureza.com](mailto:info@xestanatureza.com) | 644567614

Patrocina:



Colaboran:



Organizan:




Colaboran:



LA RECTORAL  
www.hotelrectoral.com



Rectoral de Fofe  
Descansa en encanto rural



Apícola  
Pedra do Lobo®



Turismo Rural y  
Restaurante

## PRE-BRIEFING I RAID COVELO TRALAS PEGADAS DO LOBO



---

Xa queda moi pouquiño para dar o pistoletazo de saída a este I Raid Covelo, Tralas Pegadas do Lobo, e sabemos que algún de vos comezades a estar algo nerviosos pola aventura que ides a emprender nos montes do Suído.

Neste documento pretendemos aclarar algunhas cousas relativas ao trazado, de todas formas repetirémolo o sábado antes da saída.

Será un raid LINEAL NON OBRIGATORIO, é dicir, tedes que pasar polas balizas na orde indicada pero non son obrigatorias, podedes saltarvos as que consideredes coa vosa estratexia de carreira.

Cremos que algúns equipos poden completar todo o percorrido, pero a maioría, non. Tede isto moi en conta á hora de planificar as vosas estratexias.

Os mapas foron creados para a ocasión e revisados o máximo posible. Nas BTT está representada toda a rede de camiños, variando o trazo según a súa ciclabilidade. O bosque está representado como branco, o monte despexado como marrón, as zonas privadas cun tono verde.

Os mapas dos trekking son con base Mapant, pero engadindo detalles de vexetación onde foi preciso.

## **PRE-BRIEFING I RAID COVELO TRALAS PEGADAS DO LOBO**



## **S1 – BTT**

Sección lineal de BTT con inicio e fin en distintos puntos. Discorre por pistas moi rodadoras. Comeza cun aumento do desnivel bastante considerable, se ven é todo ciclable. O inicio, ides ter unha estrada prohibida, marcada cunha liña morada, tratase da N-120, os dous pasos que usaredes para atravesala son a distinto nivel (por debaixo) Queda terminantemente prohibido circular por ela ou cruzala ao mesmo nivel. Se algún equipo o fai será descualificado inmediatamente.

Pasada a baliza 34 entraredes nun pinar onde están facendo bastantes traballos forestais, actualizamos o máximo posible, pero cada día aparecen novas rodeiras das máquinas, polo que pode aparecer algún "camiño" novo. Nos vos preocupedes, os camiños pintados nos mapas están moi claros, e coa axuda do compás non deberíades ter problema.

Moito ollo na baixada da baliza 36 pois o camiño no seu tramo final e algo difuso. Moito ollo na baixada a baliza 41, cruzaredes dúas estradas, tede coidado.

Para os equipos de **Orienta-Raid**, moito ollo a baixada que leva a baliza 40, se baixa ben pero está algo rota por algún tramo. Non vos manquedes.

Sempre que circuledes por estradas respetaremos o código de circulación, son estradas con pouco tráfico, pero iso non quere decir que nos debamos confiar.

Esta sección discorre por cota altas, preto dos 1000m, tédeo en conta á hora de elixir a roupa coa que corredes e as posibles situacións meteorolóxicas adversas.

A transición será no interior da illa, deixaremos as bicis alí.

Nesta transición haberá fonte con auga.

Os equipos 3.0 que non teñan asistencia deberán portear o material para a segunda sección.

## **S2 - TREKKING**

Sección en bucle con inicio e fin no mesmo punto.

**PRE-BRIEFING I RAID COVELO**  
**TRALAS PEGADAS DO LOBO**



Trátase dunha sección moi longa, podémola considerar de montaña, discorre por cota altas, preto dos 1000m, tédeo en conta á hora de elexir a roupa coa que correredes e as posibles situacións meteorolóxicas adversas.

Os equipos menos experimentados estúdiade ben esta sección antes de sair, existen varias opcións de recorte.

Na zona alta pasaredes por multitude de brañas, as máis importantes están pintadas no mapa como prohibidas. **NON SE PODE PASAR POR RIBA DELAS**, xa que as brañas son espazos protexidos pola directiva de hábitats.

Na zona alta intentamos ser o máis claros posible coa vexetación baixa (toxos) raiando con verde as zonas, segundo sexa máis ou menos pasable.

Pasada a baliza 46 iredes fora dos camiños principais, e teredes que navegar máis. Nesta zona hai multitude de pasos de gando entre a vexetación. Pintamos un par de sendeiros co trazo máis fino que vos pode servir de guía.

Recomendamos levar polainas ou pantalón largo nesta sección para protexer as pernas.

**¡¡¡OLLO Á HORA DE CORTE DESTA SECCIÓN!!!**

### **S3 – BTT**

Segunda sección de bicicleta que nos leva de volta a Covelo.

Chegando a Covelo teredes un tramo da estrada prohibido. Paralelamente existe un pequeno "carril bici", deberédelo empregar ata a entrada do pobo.

### **S4 - TREKKING**

Última sección do raid. Trekking en bucle con inicio e final no campo da feira de Covelo.

Sección onde a boa orientación será determinante para poder completala con éxito. Existen varias opcións de recorte, tédeo en conta.

## **PRE-BRIEFING I RAID COVELO TRALAS PEGADAS DO LOBO**



Cruzaredes o río Tea en varias ocasións, sempre o faremos polos pasos habilitados (pontes). Queda **TOTALMENTE PROHIBIDO** vadealo ou cruzar polo medio do cauce. No mapa está indicado como prohibido.

## **PROBA ESPECIAL**

Na transición T1/T2 teredes unha proba especial que consistirá en picar unha baliza flotante.

Os equipos 3.0 podedes facelo ao acabar a S1 ou ao finalizar a S2.

Os equipos 2+1 poden facela co integrante do equipo que descansa.

Esta proba estará aberta dende as 10:30 ata as 17:30.

A agua do río está fresquiña neste punto, polo que se poderá usar neopreno. Faise moi rápido.

---

O rematar a proba teremos un caldo quentiño por xentileza do **Hotel La rectoral**. Coa intención de ser o mais sustentable co medio ambiente queríamos pedirvos que traigades una taciña ou recipiente para poder servirlo e así non xerar residuos de un só uso.

***¡VÉMONOS O SÁBADO!***

***Descansade agora que podedes***

**PRE-BRIEFING I RAID COVELO**  
**TRALAS PEGADAS DO LOBO**

